

Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GUARDA, A

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE:2110/2021

Debido á ausencia do señor Alcalde entre os días 16 a 22 de setembro de 2021, o cal lle imposibilita para o exercicio das atribucións correspondentes ó meu cargo de alcalde e ante a necesidade de dar continuidade á xestión ordinaria do Concello da Guarda, e visto o disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 46, 47 e, pola súa remisión, 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais se

RESOLVE

PRIMEIRO.- Conferir delegación expresa para asumir o exercicio de todas e cada unha das funcións e atribucións legalmente encomendadas á Alcaldía e para tódolos asuntos municipais a favor da tenente de alcalde, DONA MONTSERRAT MAGALLANES ÁLVAREZ..

SEGUNDO.- Este decreto surtirá efectos dende o día 16 ata o 22 de setembro de 2021, ambos inclusive.

TERCEIRO.- Ordenar a notificación persoal á designada, a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia e dar conta do mesmo ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

A Alcaldía.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

